

As III Xornadas de Agroecoloxía de Ourense xorden nun momento histórico marcado pola actual crise económica da clase media e alta a escala planetaria. As dúas anteriores edicións das Xornadas tentaban mostrar eivas do sistema productivo-consumista, e posibles alternativas a ese sistema. Estas III Xornadas de Agroecoloxía toman o relevo das dúas anteriores, e trasladan os conflitos mundiais ao ámbito local para visibilizar proxectos e alternativas reais que conducen a un mundo máis xusto, máis humano.

Queremos insistir na agroecoloxía como unha ferramenta con un enorme potencial transformador da sociedade na que vivimos, xa que supón actuar de forma activa contra un modelo de produción agrícola e gandeiro intensivo e aberrante, potenciado por intereses económicos e comerciais insensibles á calquera consideración de saúde pública, de benestar animal ou de respecto ao medio natural.

A Agroecoloxía aséntase nas relacións de confianza entre o colectivo que produce e o que consume, substituindo as relacións meramente comerciais entre elas/es ademais de potenciar á/ao pequena/o produtor/a local. Impulsar este sector poñería freo á expansión das grandes superficies comerciais apoiadas na política do consumo insustentable.

Retomando o modelo de financiación da segunda edición das Xornadas, dende a organización optamos por un evento autosexestionado, que se sustente a través das aportacións individuais nas diferentes actividades lúdicas que se organizan, ademais da colaboración artística de destacadas figuras culturais galegas. Este compromiso de autosexestión constitúe unha aposta pola independencia e o fortalecemento das redes sociais como voceiro da cidadanía.

ORGANIZAN:



APOIAN:



## Martes 24

### Presentación das Xornadas

**Lugar:** Casa da Xuventude, rúa Celso Emilio Ferreiro, ás 11:30 horas.

## Mércores 25

### Cómo facer a miña vivenda e pasar da crise?.

#### Obradoiro de Bioconstrución/Autoconstrución.

O obradoiro pretende dar a coñecer unha forma de traballar para construír a nosa propia casa utilizando, ademais, criterios respectuosos co medio ambiente e tratando de aproveitar os recursos naturais ao máximo.

**Participan:** Pilar Penin, Eloi Dávila, Lhosca Arias e Analía Moares.

**Lugar:** Centro Social A Esmorga, rúa Telleira 9 (Zona Universitaria), ás 20:00 horas.

## Xoves 26

### Comedores escolares saudables e ecolóxicos.

Alimentarse con produtos ecolóxicos e de comercio xusto é posible nos comedores colectivos dos colexios de Ourense, ven a coñecer como!!

**Participan:** Representantes da ANPA's, Representantes de Centros de Ensino de Ourense e a asociación "O Grelo Verde"

**Lugar:** C.E.I.P. Filomena Dato (A Valenzá), Salón de Actos, ás 20:00 horas

## Venres 27

### Asamblea da Rede de Consumo Consciente.

A Rede Galega de Consumo Responsable asocia a cooperativas e asociacións que traballan pola agricultura ecolóxica e o comercio xusto. Pretende organizar e sensibilizar á sociedade galega sobre a importancia dun consumo responsable, promover relacións comerciais xustas entre produtoras e consumidoras, a participación directa, democrática, colectiva e responsable das persoas no consumo, o desenvolvemento rural e local, o aforro enerxético e o respecto á natureza nos procesos de produción e consumo.

**Participan:** Colectivos da rede galega de Consumo Consciente.

**Lugar:** Local Social de Amarante e Verdegaia, rúa da Habana 64, ás 17:00 horas

### Consumo responsable en tempos de crise. Debate.

Onde e como se producen os alimentos que consumimos? Somos conscientes da responsabilidade individual ante a crise alimentaria global? Estas e outras preguntas están na base das novas propostas de consumo responsable, que serán analizadas nesta sesión. Reflexionaremos sobre o poder transformador destas experiencias.

**Participan:** Carne Freire, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego. Tom Kucharz. Area de agroecoloxía e Soberanía alimentaria de Ecoloxistas en Acción.

**Lugar:** Centro Social A Esmorga, rúa Telleira 9 (Zona Universitaria), 20:00 horas

## Sábado 28

### Banco de sementes. Mercadiño de troco de sementes ecolóxicas.

Pretendemos favorecer a recuperación e conservación das variedades tradicionais de plantas que foron mantidas dende sempre polas nosas agricultoras locais.

**Participan:** invitamos a participación de todas as veciñas e veciños.

**Lugar:** No Parque Infantil do Polvorín (Barrio do Polvorín), de 11 a 14:00 horas

### Agri – CULTURA: Actividades Culturais.

Concerto musical e o Contacontos Carlos Blanco, colaboran de forma altruísta en apoio das Xornadas de Agroecoloxía.

**Lugar:** Café Teatro Xesteira, rúa da Concordia, ás 22:00 horas.

**Prezo:** 5€

## Domingo 29

Como facer a miña horta ecolóxica? Realizaremos unha excursión para coñecer as hortas ecolóxicas e a casa

de bioconstrución de Pilar, Eloi e Estreliña, agricultoras de Semente no lugar de Reboreda (Porqueira). Cómpre levar comida para compartir entre todas as persoas que fagamos a visita, e reservar praza a través do email [info@agrourense.info](mailto:info@agrourense.info) ou ben no telefono: 637748859 antes do venres 27 de marzo,

**Lugar:** Reboreda (Porqueira), de 10:00 a 20:00 horas

## Luns 30

### Plantas que curan na botica da aboa.

As herbas medicinais en Allariz, unha historia de recuperación e empoderamento feminino. O que saben as mulleres e nos queren contar.

**Participan:** Benita e Delia da AA VV de Nanín e Ana Pérez, do concello de Allariz.

**Lugar:** Local Social de Amarante e Verdegaia, rúa da Habana 64, ás 20:00 horas

### Exposición fotográfica.

Tamén dentro das Xornadas de Agroecoloxía colabora o alumnado da Escola de Arte Antonio Faílde que viran de preparar unha exposición fotográfica sobre a temática da agroecoloxía e que se presentará no mes de maio en diferentes salas de exposición da cidade de Ourense.

Máis info en [www.agrourense.info](http://www.agrourense.info)